

**PR<sup>e</sup>SENTES**

# COMO ORGANIZAR EVENTOS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO?

# OBXECTIVO E USO DESTE DOCUMENTO

Este documento existe co obxectivo de axudarche, a través de propostas sinxelas e realizables, a converter os teus eventos e actos en espazos reais e comprometidos coa igualdade de xénero. Dividímolo en 3 fases: antes, durante e despois do evento.

Con isto, buscamos ofrecer unha ferramenta práctica e interactiva que axude a organizacións e institucións a promover a participación e o acceso das mulleres aos espazos de toma de decisións, garantindo a súa presenza continua e significativa no ámbito público, académico e social, así como na súa representación.

Agardamos que che sexa útil!

**FASE 1**

**ANTES  
DO EVENTO**

ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN  
COMUNICACIÓN  
CONTIDOS  
ESPAZO E ACCESIBILIDADE  
SEGURIDADE

# ORGANIZACIÓN E PRODUCCIÓN

Equilibrio de xénero en persoas relatoras, moderadoras e mesas de debate (evitando “manels”).

Distribución equilibrada de mulleres e homes tanto en número como na relevancia das intervencións (inauguracións, relatorios principais, horarios de maior afluencia).

Horarios pensados para facilitar a conciliación e, cando non sexa posible, dispoñibilidade de espazos de apoio para o coidado de menores.

Inclusión de mulleres desde unha perspectiva interseccional (mulleres racializadas, LGTBI, con diversidade funcional, de distintas idades, etc.)

Contratación de equipos técnicos y auxiliares diversos, rompiendo roles de género tradicionales (por exemplo, mulleres en áreas técnicas e homes en funcións auxiliares).

Vestuario do persoal auxiliar non sexualizado nin asociado a un xénero.

Revisión do mobiliario escénico para evitar barreiras ou incomodidades derivadas da diversidade corporal, funcional ou de vestimenta.

Selección de agasallos inclusivos, non asociados a xénero e que transmitan valores comúns.

# COMUNICACIÓN

Uso de linguaxe inclusiva e non sexista en toda a comunicación (difusión, inscricións, documentación interna).

Facilitación de pautas ou consellos de comunicación inclusiva ao equipo e ás persoas relatoras.

Uso de imaxes diversas e representativas, evitando estereotipos de xénero.

Contidos audiovisuais (vídeos, locucións, iconas, infografías) con presenza equilibrada de mulleres e homes.

Investimento en publicidade en redes sociais segmentada para fomentar a participación de mulleres, especialmente en sectores masculinizados.

Adecuación da linguaxe ao contexto.

Transparencia: comunicación explícita de que o evento foi deseñado con perspectiva de xénero e baixo que criterios.

# CONTIDOS

Análise do tema principal considerando impactos diferenciados en mulleres e homes.

Visibilización da achega das mulleres e de colectivos infrarrepresentados no ámbito do evento.

Uso de datos desagregados por sexo e, cando for posible, análises interseccionais (idade, orixe, discapacidade, etc.)

Información previa a persoas relatoras e moderadoras/es para evitar enfoques neutralizadores do tipo “isto afecta igual a todas as persoas” nos casos nos que proceda.

# **ESPAZO E ACCESIBILIDADE**

Espazos accesibles e libres de barreiras arquitectónicas para persoas con mobilidade reducida e carriños de bebés.

Localización ben conectada con transporte público.

Recollida de necesidades específicas no formulario de inscrición (lactación, cambiadores, accesibilidade, espazos de descanso, etc.)

Contidos audiovisuais (vídeos, locucións, iconas, infografías) con presenza equilibrada de mulleres e homes.

# SEGURIDADE

Existencia dun protocolo contra o acoso e as violencias machistas, visible e facilmente activable.

Persoal formado para actuar ante situacións de risco, discriminación ou violencia

Compromiso explícito coa creación de espazos seguros e respectuosos.

**FASE 02**

**DURANTE  
O EVENTO**

# DESENVOLVEMENTO E CONTIDOS

Seguimento do equilibrio de xénero nos tempos de palabra e protagonismo.

Inclusión explícita de intervencións que analicen desigualdades de xénero nos temas abordados (cando existan).

Atención á participación equitativa nas quendas de preguntas e debates.

**FASE 03**

# **DESPOIS DO EVENTO**

COMUNICACIÓN POSTERIOR  
AVALIACIÓN FINAL

# COMUNICACIÓN POSTERIOR

Uso equilibrado de mulleres e homes en notas de prensa e materiais de difusión posteriores, atendendo ao seu rol profesional.

Presenza paritaria (40/60 – 60/40) de mulleres en roldas de prensa e entrevistas.

# AVALIACIÓN FINAL DO EVENTO

Unha vez finalizado o evento, realizarase unha valoración global que permita analizar en que medida se garantiu unha participación equilibrada de mulleres e homes, así como a incorporación da perspectiva de xénero nos contidos.

## INDICADORES CUANTITATIVOS

Representación de mulleres entre as persoas relatoras  
Porcentaxe de mulleres relatoras sobre o total de persoas que interveñen.  
(Referencia: polo menos un 40 % de mulleres, conforme ao principio de paridade)

Presenza de mulleres en mesas inaugurais e espazos de maior visibilidade  
Número de mulleres participantes en mesas inaugurais ou outras intervencións clave en relación co total de persoas que integran eses espazos.  
(Referencia: ningunha mesa sen presenza de mulleres.)

Participación de mulleres como relatoras ou intervinientes principais  
Existencia de mulleres en roles de intervención experta, alén das funcións de moderación.  
(Referencia: si.)

Composición da audiencia por xénero  
Distribución de mulleres e homes entre as persoas asistentes.  
(Referencia: equilibrio dentro da marxe de paridade 40/60 – 60/40.)

## INDICADORES CUALITATIVOS

Integración explícita da perspectiva de xénero nos contidos  
Identificación de intervencións, relatorios ou mesas nas que se abordare o tema do evento incorporando unha análise de xénero.  
(Referencia: polo menos unha intervención que integre explicitamente esta perspectiva.)

# PRE<sup>SEN</sup>TES